



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA " ADECUACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS COA MELLORA DA DRENAXE NA RÚA CAMPANARIO" - PLAN AGADER 2024-2025

Expediente: 2024/C003/000006 - 2024/G003/001073

O 03.07.2024 mediante Resolución da Alcaldía núm. 887/2024 acordouse aprobar o expediente de contratación da obra "Adecuación de camiños municipais coa mellora da drenaxe na rúa Campanario"- PLAN AGADER 2024-2025, mediante procedemento aberto "súper" simplificado con varios criterios de adxudicación.

O 01.08.2024 o órgano de asistencia reuniuse para realizar apertura e valoración das ofertas presentadas, co seguinte resultado:

EMPRESA	Oferta económica	FASE ÚNICA (puntos)			TOTAL (puntos)
		Of. Ec. (50 máx.)	Prazo exec. (20 máx.)	Garantía (30 máx.)	
CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, SL	42.250,00 €	18,46	20	30	68,46
CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL,SL	42.300,00 €	18,20	20	30	68,20
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, SL	39.964,33 €	30,08	20	30	80,08
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SLU	44.120,78 €	8,94	20	30	58,94
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, SA	45.500,00 €	1,91	0	0	1,91
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	45.855,06 €	0,12	0	0	0,12
SYR-AMG, SL	43.946,46 €	9,82	20	30	59,82

Á vista de que ningunha das ofertas estaba incurso en presunción de anormalidade, o órgano de asistencia propuxo adxudicar o contrato "Adecuación de camiños municipais coa mellora da drenaxe na rúa Campanario"- PLAN AGADER 2024-2025 á favor da mercantil EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, SL, requiríndolle a presentación da documentación da cláusula 16 do PCAP no prazo de sete (7) días hábiles.

Unha vez atendido o requirimento por parte da empresa licitadora, a intervención municipal emite informe de fiscalización de data 12.08.2024, favorable á adxudicación do contrato a favor de EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, SL.

Tendo en conta o anterior, de conformidade co establecido na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicarlle o contrato de obra "Adecuación de camiños municipais coa mellora da drenaxe na rúa Campanario"- PLAN AGADER 2024-2025, á mercantil EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, SL, CIF B15496219, por ser a oferta que obtivo maior puntuación (80,08 puntos) de acordo cos criterios de adxudicación, coas seguintes condicións:

- Importe: 48.356,84 € (39.964,33 € + 8.392,51 € en concepto de IVE)
- Prazo de execución: 45 días naturais
- Garantía: 5 anos (1 ano+4 anos de incremento sobre o prazo mínimo esixido)

Segundo. Comprometer o gasto de 48.356,84 € con cargo a aplicación orzamentaria 453.61900.

Terceiro. Nomear directora facultativa das obras e responsable do contrato á enxeñeira de camiños, canles e portos municipal.

C.I.
F.
P.
150
369
0-C



Cuarto.- Notificarlle a todos os licitadores e á responsable e directora das obras a adxudicación. A dita notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co art. 151.3 en relación coa D.A 15ª da LCSP. A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

Quinto.- Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido secreto profesional con carácter indefinido. O contrato rexerese en materia de protección e datos polo establecido no Anexo I desta Resolución

Sexto.- A formalización do contrato realizarase mediante a sinatura de aceptación por parte do contratista da resolución de adxudicación non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación, e na data que sinala a Administración (en cuxo caso enviaráselle a oportuna comunicación, en caso contrario, a data rematará no prazo dos quince días indicados).

Mediante a dita aceptación o contratista comprométese a facer a obra obxecto deste contrato con estrita suxeición ao proxecto técnico aprobado e aos pregos de cláusulas administrativas.

No non previsto neste documento e nos pregos de cláusulas administrativas estarase ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas e demais disposicións concordantes de legal aplicación, así como supletoriamente, no non previsto, as de carácter privado.

O documento a formalizar estará dispoñible na Sala de sinaturas deste concello. No caso de que no prazo estipulado non formalice o contrato ou non facilite os datos precisos a este concello para que poña á súa disposición na sala de sinaturas o documento de formalización, estarase ao disposto no art. 153 da LCSP.

Os datos a subministrar a esta Administración a través da conta contratacion@fene.gal, son os que seguen:

- Nome, apelidos e NIF do asinante da formalización
- Correo electrónico onde recibirá o aviso da posta a disposición
- Poder notarial, no caso de que non fora previamente entregado a esta Administración ou non conste no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétimo.- Publicar a formalización do contrato no Perfil de contratante nun prazo non superior a quince (15) días tras a perfección do contrato.

Oitavo. Comunicarlle ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.



Anexo I

1.- OBXECTO DO ENCARGO DO TRATAMENTO

A finalidade de prestar o servizo de execución do contrato de obra "Mellora de viais rurais: Rúa do Campanario"- PLAN AGADER 2023-2024.

O tratamento de datos consistirá na recollida de datos obtidos polo RESPONSABLE DE TRATAMENTO e rexistro nos sistemas do ENCARGADO DE TRATAMENTO para o posterior tratamento dos mesmos.

2.- IDENTIFICACIÓN DA INFORMACIÓN AFECTADA

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento obxecto deste encargo, o RESPONSABLE DE TRATAMENTO, pon a disposición do ENCARGADO DE TRATAMENTO a información necesaria para prestar o servizo de execución do contrato de obra "Mellora de viais rurais: Rúa do Campanario"- PLAN AGADER 2023-2024.

3.- DURACIÓN

A duración das obrigacións contidas neste escrito é de carácter indefinido e manterase en vigor con posterioridade á finalización por calquera causa da relación entre RESPONSABLE e ENCARGADO DE TRATAMENTO.

A rescisión, resolución ou extinción da relación contractual de prestación de servizos entre RESPONSABLE e ENCARGADO DE TRATAMENTO, obrigará a este último para devolver ao RESPONSABLE DE TRATAMENTO os datos de carácter persoal facilitados. O RESPONSABLE DE TRATAMENTO poderá exercer o seu dereito á portabilidade, solicitando ao ENCARGADO DE TRATAMENTO que remita os datos persoais ao novo ENCARGADO DE TRATAMENTO designado polo RESPONSABLE.

Unha vez finalizada a relación contractual e unicamente para dar cumprimento ás responsabilidades administrativas legais, o ENCARGADO DE TRATAMENTO poderá conservar bloqueados os datos persoais necesarios. Unha vez transcorrido o prazo establecido para cubrir as citadas responsabilidades legais, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos a RESPONSABLE DE TRATAMENTO, do mesmo xeito que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal propiedade da mesma.

4.- OBRIGACIÓN DO ENCARGADO DE TRATAMENTO

O ENCARGADO DE TRATAMENTO e todo o seu persoal obrígase a:

PRIMEIRO: Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só coa finalidade obxecto deste encargo descrita no apartado 1 deste contrato. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

SEGUNDO: Tratar os datos de acordo coas instrucións do RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

TERCEIRO: Levar por escrito un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable que conteña:

1. Nome e datos de contacto do ENCARGADO DE TRATAMENTO e, no seu caso do representante do responsable ou do encargado e do delegado de protección de datos.
2. As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.
3. No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de devandito terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RGPD, a documentación de garantías adecuadas.
4. Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:
 - a) A seudonimización e o cifrado de datos persoais.



b) A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e a adaptación a situacións adversas permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

c) A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

d) O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

CUARTO: Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do RESPONSABLE DO TRATAMENTO, nos supostos legalmente admisibles.

QUINTO: Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito ao responsable, cunha antelación de 15 días naturais, indicando os tratamentos que se pretende subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca RESPONSABLE DE TRATAMENTO subcontratista e os seus datos de contacto.

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o ENCARGADO DO TRATAMENTO e as instrucións que dite o RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

SEXTO: Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

Haberá de garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarlles convenientemente.

Así, o ENCARGADO DE TRATAMENTO permitirá o acceso aos Ficheiros unicamente a aqueles dos seus empregados que teñan necesidade de acceder aos mesmos, de maneira que poidan levar a cabo as súas funcións en relación cos servizos. O ENCARGADO DE TRATAMENTO obrígase a non divulgar a información contida nos Ficheiros en todo ou en parte a persoas que non teñan necesidade de acceder aos mesmos.

O ENCARGADO DE TRATAMENTO dará a coñecer e esixirá o cumprimento ao persoal da súa entidade que realice os servizos, das obrigacións contidas neste Contrato, e garantirá a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

O ENCARGADO DE TRATAMENTO deberá manter a disposición do RESPONSABLE DE TRATAMENTO a documentación acreditativa do cumprimento da obrigación establecida no apartado anterior.

SÉPTIMO: Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de: Acceso, rectificación, supresión e oposición; limitación do tratamento ; portabilidade de datos; a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).

Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ante o ENCARGADO DO TRATAMENTO, este debe comunicalo ao RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

A comunicación debe facerse de forma inmediata e en ningún caso máis aló do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude , xuntamente, no seu caso, con outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

OITAVO: O encargado do tratamento notificará ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo dun día laborable, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

C.I.
F.
T.
P.
150
369
00



NOVENO: Dar apoio ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando cumpra.

DÉCIMO: Dar apoio ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

DÉCIMO PRIMEIRO: Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

DÉCIMO SEGUNDO: Implantar as medidas de seguridade establecidas no Regulamento Xeral de Protección de Datos e normativa española vixente.

En concreto, adoptará medidas para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento:
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico: realizarase unha copia de seguridade
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento: realizarase unha auditoría bienal de protección de datos.
- Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.

DÉCIMO TERCEIRO: Devolver ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

5. OBRIGACIÓNS DO RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Corresponde ao responsable do tratamento:

- Entregar ao encargado os datos aos que se refire a cláusula 2 deste documento.
- Realizar as consultas previas que corresponda.
- Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do encargado.
- Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías
- Corresponde ao responsable facilitar o dereito de información no momento da recollida dos datos.